

010040 05.12.2010 13:35

A implantación dos plans de estudo de grao regulados polo RD1393/2007 do 29 de outubro, que establece a ordenación das ensinanzas universitarias, supón a incorporación dos alumnos ás novas titulacións de grao e, en consecuencia, o inicio dos procesos de extinción das actuais titulacións (diplomaturas, enxeñarías, licenciaturas).

A ordenación do proceso de implantación/extinción regúlase nas memorias dos graos, no RD 1393/2007 do 29 de outubro e no Acordo do Consello de Goberno da USC para a extinción dos plans de estudo actuais pola implantación do grao (14/05/2009). Estas normas sinalan que aos estudantes que iniciasen estudos oficiais consonte anteriores ordenacións deberánselles aplicar as disposicións que regulan os seus estudos, e se lles debe garantir *"a organización de polo menos catro convocatorias de exame nos dous cursos académicos seguintes á devandita data de extinción"*.

Neste curso, no que se implantaron os estudos de grao e, polo tanto, comezaron a extinguirse as actuais titulacións, están a detectarse algúns problemas en determinadas materias que quedan sen docencia, sobre todo naquelas nas que as súas guías docentes fixaban determinados requisitos non só para superar a materia, senón tamén para presentarse a exame; como sucede coa realización de prácticas. Estes requisitos, fixados cando a materia tiña docencia, teñen que ser revisados ao quedaren sen docencia esas materias en extinción, como veñen reclamando os centros.

Para poder conciliar esta situación de transición dun sistema de ordenación de estudos a outro, e para que os estudantes da USC poidan concorrer ás convocatorias fixadas pola normativa vixente para render exame nas materias sen docencia, dítouse a seguinte

RESOLUCIÓN

1º) Os departamentos procederán a adaptar as guías docentes da programación académica das materias que quedan sen docencia, especialmente nos apartados que se vén afectados por esta situación como son: *"metodoloxía do ensino"*, *"sistema de avaliación da aprendizaxe"* e *"recomendacións para o estudo da materia"*, adaptación que deberá ser supervisada polo centro de acordo co que establece a *Normativa para a organización docente de 1º e 2º ciclo* e maila *Normativa básica para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes*.

2º) Con respecto ás materias que queden sen docencia e que na guía docente establecen a obrigatoriedade de realización das prácticas para render exame final da materia, os centros, tras o informe aos departamentos, poderán actuar dun destes modos:

- a) Eximir aos estudantes de facer as prácticas dunha materia, cando xa as teñan feitas e superadas en cursos pasados. Neste caso os estudantes deberán ser avaliados polos profesores que impartiron a materia no último curso con docencia e, se os centros e departamentos así o determinan, deberán presentar un informe sobre a práctica xa realizada.
- b) Permitir a incorporación dos estudantes que non realizaron as prácticas das materias que quedan sen docencia, ás prácticas das materias do grao xa implantadas que sexan equivalentes ás materias en extinción. Neste caso a avaliación das prácticas corresponderalle ao profesorado da materia que imparte o grao e será vinculante para o profesorado que deba cualificar ao alumnado matriculado na materia sen docencia da licenciatura.
- c) Os centros, de acordo cos departamentos, e sempre que estes teñan recursos, poderán constituír grupos de prácticas a maiores nas materias do grao implantadas

que teñan contidos e competencias equivalentes as das materias da licenciatura que quedaron sen dereito a docencia, das que se matricularon os estudantes (repetidores ou non), co obxecto de poder realizar as prácticas. A cualificación das prácticas dos alumnos será a do profesor que as imparta e será vinculante para o profesor que deba cualificar o exame da materia sen docencia da licenciatura matriculada polos estudantes.

- d) Propoñer outras alternativas á realización das prácticas distintas ás dos apartados a) b) e c), como poden ser 'realización de traballos', 'prácticas específicas', proba de avaliación das prácticas previa ao exame ou exame que contemple contidos teóricos e das prácticas, etc. Neste caso o centro terá que comunicar esas propostas á vicerreitoría con competencias na materia para a súa aprobación, de ser o caso, e fixar o profesorado ao que lle corresponde facer a avaliación e asinar ás actas.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2010



Sra. Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao; Sra. Vicerreitora de Persoal Docente e Investigador; Sr. secretario Xeral Adxunto; Sres. decanos e directores de centro; Sres. directores de departamento; Sra. xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. xefe do Servizo de Xestión Académica; Sra. Xefa da Oficina de Análise e Reclamacións; Sres. responsábeis das unidades de apoio a centros e departamentos